



CONCELLO DE REDONDELA

DEPARTAMENTO: PERSOAL

EXPEDIENTE: 2507/2023

ASUNTO: LISTA DEFINITIVA PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS CONTRATACIÓN PERSOAL DOCENTE DO PROGRAMA DE EMPREGO “REDONDELA TIC III”

RESOLUCIÓN

O programa de emprego “REDONDELA TIC III” está dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas mozas incluídas no Ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (formación e aprendizaxe), cofinanciado polo Fondo Social Europeo Plus no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027.

Este programa está subvencionado ao abeiro da Orde do 12 de abril de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 e 2024 (TR353B), que se publicou no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) núm.: 78, do 24/04/2023, normativa de aplicación.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade outorgou ao Concello de Redondela unha subvención de **424.836,96 €** para a contratación de persoal para realizar o programa de emprego “REDONDELA TIC III”, con data de 03/08/2023 ao abeiro da Orde do 12 de abril de 2023.

Na selección do persoal docente participante no programa que se vai poñer en funcionamento tense en conta ademais do establecido na devandita Resolución de concesión da subvención, as Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos Programas de emprego para persoas mozas e obradoiros duais de emprego. Convocatoria 2023-2024, da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, de 14/06/2023, segundo a cal as entidades beneficiarias da subvención na admisión de persoas candidatas ao proceso de selección do persoal directivo, docente e de apoio, poderán empregar a oferta de emprego tramitada pola Oficina pública de emprego, a convocatoria pública ou ambas.

As bases do proceso de selección do persoal directivo, docente e de apoio e do alumnado traballador do Programa de Emprego “REDONDELA TIC III” para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (formación e aprendizaxe) promovido





polo Concello de Redondela, foron aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 2023-2116 de data 07/09/2023.

O Concello de Redondela publicou anuncio convocatoria pública no diario Faro de Vigo o día 09/09/2023.

O Concello de Redondela presentou as correspondentes ofertas de emprego na oficina pública de emprego do Concello de Redondela o día 19/09/2023 para a preselección de persoas candidatas para os seguintes postos:

- 1 **EXPERTO/A DOCENTE XESTIÓN MARKETING E COMUNICACIÓN**
- 1 **EXPERTO/A DOCENTE INGLES PROFESIONAL**

Esta oficina preseleccionou a 6 persoas para **experto/a docente XESTIÓN MARKETING E COMUNICACIÓN** (Oferta 12-2023-10451) e 5 persoas para **experto/a docente INGLES PROFESIONAL** - Oferta 12-2023-10490).

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2023-2311, con data de 05/10/2023, pola que aprobaba a lista provisional de persoas admitidas no proceso selectivo que se convocou para a contratación persoal docente, é polo que, en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Admitir, **con carácter definitivo**, no proceso de selección para a contratación de UN/UNHA **EXPERTO/A DOCENTE XESTIÓN MARKETING E COMUNICACIÓN**, para levar a cabo o programa de emprego "REDONDELA TIC III":

N.º	APELIDOS E NOME	DNI
1	RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, ALBERTO	*****492-R

*Segundo o previsto no apartado 7.3 das bases xerais de convocatorias de procesos de selección de persoal do Concello de Redondela que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), número 50, do 13.03.2015, o feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que os/ás aspirantes admitidos/as superen as probas selectivas.



SEGUNDO: Excluir, **con carácter definitivo**, no proceso de selección para a contratación de **EXPERTO/A DOCENTE XESTIÓN MARKETING E COMUNICACIÓN**, para levar a cabo o programa de emprego “REDONDELA TIC III”:

N.º	APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO
1	CABALEIRO PEDREIRA, M. ^a JESÚS	*****208-A	NON ACREDITA EXPERIENCIA PROFESIONAL REQUIRIDA
2	IGLESIAS BAPTISTA, ANA BELÉN	*****437-N	NON ACREDITA: - EXPERIENCIA PROFESIONAL REQUIRIDA - COMPETENCIA DOCENTE
3	DELMAS COSTA, M. ^a ÁNGELES	*****310-F	NON ACREDITA: - TITULACIÓN REQUIRIDA - EXPERIENCIA PROFESIONAL REQUIRIDA - COMPETENCIA DOCENTE

TERCEIRO: Admitir, **con carácter definitivo**, no proceso de selección para a contratación de UN/UNHA **EXPERTO/A DOCENTE INGLES PROFESIONAL**, para levar a cabo o programa de emprego “REDONDELA TIC III”:

N.º	APELIDOS E NOME	DNI
1	MARTÍNEZ DEL RIO, M. ^a ISABEL	****942-L
2	RODRÍGUEZ FREITAS, LAURA	*****082-Q

*Segundo o previsto no apartado 7.3 das bases xerais de convocatorias de procesos de selección de persoal do Concello de Redondela que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), número 50, do 13.03.2015, o feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os/ás aspirantes admitidos/as superen as probas selectivas.

CUARTO: Excluir, **con carácter definitivo**, no proceso de selección para a contratación de UN/UNHA **EXPERTO/A DOCENTE INGLES PROFESIONAL**, para levar a cabo o programa de emprego “REDONDELA TIC III”:





CONCELLO DE REDONDELA

N. o	APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO
1	ANDIÓN BLANCO, CONCEPCIÓN	*****738-H	NON ACREDITA: - EXPERIENCIA PROFESIONAL REQUIRIDA - COMPETENCIA DOCENTE
2	CALERO ESCOBAR, ÓSCAR	*****804-L	NON ACREDITA EXPERIENCIA PROFESIONAL REQUIRIDA
3	VEGA VARA DE REY, INES MARÍA	*****767-P	NON ACREDITA EXPERIENCIA PROFESIONAL REQUIRIDA

QUINTO: Designar o tribunal cualificador do proceso selectivo que se convocou para a contratación persoal docente.

Presidenta:

Titular: M.^a Carmen Sánchez Vidal

Suplente: Xose Ramón Mato Lodeiro

Vogais:

Titular: Sonia María Puga Gandara

Suplente: Jose Manuel Estévez Lamas

Titular: Xurxo Martínez González

Suplente: Olalla Casanova Fernández

Titular: Marina Iglesias Bernárdez

Suplente: Sonsoles Lores Martínez

Secretaria:

Titular: Sandra Alonso Plata

Suplente: Alejandra Fernández Conde

SEXTO: A constitución do tribunal terá lugar o:





CONCELLO DE REDONDELA

DÍA: 16/10/2023

HORA: 9:30 horas

LUGAR: CENTRO DE FORMACIÓN A MARISMA. PASEO DO PEXEGUEIRO, 6-
REDONDELA (ao carón da Piscina Municipal de Redondela)

SÉTIMO: As persoas admitidas quedan convocadas para a realización da fase de
oposición o:

DÍA: 16/10/2023

HORA: 10:00 horas

LUGAR: CENTRO DE FORMACIÓN A MARISMA. PASEO DO PEXEGUEIRO, 6-
REDONDELA (ao carón da Piscina Municipal de Redondela)

OITAVO: Unha vez rematada a fase oposición, realizarase a fase concurso.

NOVENO: Publicar na sede electrónica, na páxina web do Concello e no taboleiro de
anuncios a relación definitiva de persoas admitidas nestes procesos selectivos, o
tribunal cualificador e a data de realización da fase de oposición e fase concurso
destes procesos selectivos.”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Cod. Validación: 54FCPSCWg9XX9SKOJZMH5NGCX
Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5

